



Concurso de fotografía e videocreación

8 de marzo 2016.

Organiza

Biblioteca da Facultade de Ciencias da Educación en colaboración con Roberto Suárez Brandariz e o alumnado de linguaxes audiovisuais e educación artística do Grao en Educación infantil.

Bases

1. Participación

Poderán presentarse alumnado, PDI e PAS da Facultade de Ciencias da Educación da UDC.

2. Tema

AmoresQmatan. A partir da lectura ou visualización dunha das obras propostas en

<https://es.pinterest.com/beducacion/amoresqmatan-cine/> ou
<https://es.pinterest.com/beducacion/amoresqmatan-lecturas/>

- #### 3. Técnica:
- Poderase participar con fotografía ou vídeo. As propostas (unha por participante) publicaranse en twitter co hastag #amoresQmatan e citando @biblioeduca. Poñerase o título da obra (libro ou película da listaxe) na que se inspirou. Os vídeos terán unha duración máxima de 2 minutos. Pode utilizarse cámara de fotos, videocámara, dispositivos móbiles... Quen concorra con fotografía deberá dispor da imaxe en alta calidade, xa que de ser seleccionada/o terá que enviala para que a biblioteca a imprima e expoña. Valoraranse en ambas: a calidade técnica e artística, a adecuación temática, a orixinalidade e a creatividade

4. Prazo de presentación.

O prazo máximo de recepción de obras será o 26 de febreiro.

5. Selección e premio.

Haberá tres premios, un para cada categoría, elixido por un

xurado e outro por designación popular. Unha comisión seleccionará 20 fotografías e 10 vídeos dentro dos que elexirá as obras premiadas. O premio popular será para aquela obra (fotografía ou vídeo) que teña máis “gústame” no twitter. O xurado reunirse o día 29 e ese día dará a coñecer a selección e quen obtivo os premios, publicarase no twitter (citando a/aos premiadx), no blogue da biblioteca *bibedu.blogaliza.org* e na web *da Facultade* www.educacion.udc.es, e dará de prazo ata o día 3 de marzo para enviar as imaxes seleccionadas (opción de fotografía) en maior resolución, cun tamaño mínimo de 3600 píxeles no lado maior, en jpg compresión 10 para a súa impresión e posterior exposición. O 4 de marzo, ás 12 horas comprobarase que obras teñen máis “gústame” e se comunicará. Os premios consistirán en 3 vales de 50€ cada un para canxear nunha librería da Coruña.

6. Exposición e proxección.

As fotografías seleccionadas serán expostas no *Recuncho de lectura da Biblioteca* e os vídeos serán proxectados o día 8 de marzo, momento no que tamén se fará entrega dos premios, ás 12 h. A Biblioteca encargárase da impresión das fotografías en papel fotográfico 20 x 30 cm e da montaxe para a exposición. As fotografías expostas poderán ser recollidas polas/os autores ao finalizar a exposición.

7. Dereitos de uso das imaxes.

As/os participantes autorizan o uso non comercial das imaxes á Biblioteca de Ciencias da Educación para a súa exposición e divulgación do Concurso fotográfico unicamente, vídeo en todo momento a vídeo. As/os participantes responsabilízanse de que non hai dereitos de terceiros sobre as imaxes que presentan, respondendo ante calquera reclamación que poida xurdir por dereitos alegados de terceiros.